



**ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ARTÍSTICA**  
**FEMININA E MASCULINA**

**OURENSE, 10/12/2016**

**1. CALENDARIO 2017.**

As datas e sedes provisionais fixadas para os Campionatos Galegos son as que seguen:

Data	Competición	Lugar	Categoría	Inscripción Definitiva	Inscripción Numeral
20 - 21 Maio / 03-04 Xuño	Cpto. Galego Niveis XAM <i>Cpto. Galego Escolar XAM (*)</i>	A determinar	Todas	02 Maio / 15 Maio	01 Abril
20 - 21 Maio / 03-04 Xuño	Cpto. Galego Niveis XAF Cpto. Galego Ingym-Promogym	A determinar	Todas	02 Maio / 15 Maio	01 Abril
17 - 18 Xuño	Cpto. Galego Escolar XAF <i>Cpto. Galego Escolar XAM (*)</i>	A determinar	Todas	01 Xuño	01 Maio

(\*) O Cpto. Galego Escolar de XAM celebrarase nunha das dúas datas propostas en función da sede e horarios da competición.

No caso de que haxa ximnastas que no Cpto. Galego de Niveis de XAF non superen os porcentaxes establecidos por normativa nacional fíxase un Control a celebrar o:

Data	Competición	Lugar	Categoría
24 Maio / 07 Xuño	Control Cpto. Niveis XAF	Inef Coruña	Todas

Dito Control será puntuado por xuíces galegos de Xaf con licenza federativa en vigor.

Os clubs interesados en asistir o Cpto. de España de Clubs de XAF deberán enviar as inscricións a Federación Galega antes da data límite de inscrición que estableza a RFEG. A limitación de inscrición a dito Cpto. será en base a Normativa nacional.

Recórdase que en todos os casos nos que un club queira baixar de nivel (de Niveis a Inigym-Promogym ou de Inigym-Promogym a Escolar) a unha ximnasta porque non chega as esixencias da categoría que lle correspondería esa tempada deportiva ten que solicitalo por escrito a Federación Galega de Ximnasia. No caso de que o cambio sexa a nivel nacional, de Via Olímpica a Niveis (pex cando unha ximnasta deixa de competir un ano), o club deberá solicitalo por escrito a Real Federación Española de Gimnasia.

Dña. Elena González pregunta sobre a posibilidade de cesión do practicable para a celebración dun Torneo de Artística un fin de semana moi anterior o da celebración do Campionato Galego. Respóndaselle que tería que consultalo por escrito ca Federación xa que hai que ver se o resto de modalidades que fan uso de el onde está depositado o precisan na data que propoña.

Trala petición feita polos asistentes, e ante o cambio de ciclo olímpico, acórdase convocar curso de xuíz autonómico das modalidades de artística feminina e masculina en 2017. Solicitarase a autorización pertinente a RFEG.



Mantense o acordo relativo a que as ximnastas que teñen que cumprir o 80% dos requisitos para a clasificación o Nacional establécese que son válidas as notas obtidas en competicións/torneos oficiais previos noutras comunidades autónomas (pex. Torneo RGCC) só para aquelas categorías onde non hai un corte do 50% das que cumpren o 80 % xa que neste caso é decisivo o Cto. Galego.

## 2. NORMATIVAS 2017.

Apróbanse as seguintes normativas (as cales adxuntamos e colgaranse na web da Federación):

- NORMATIVA ESCOLAR XAM.
- NORMATIVA ESCOLAR XAF. Pendente de envío e rectificación entre os membros do Comité.
- NORMATIVA XERAL COMPETICIÓN AUTONÓMICAS XAF.

Para Inigym e Promogym seguese o programa autonómico que figura na normativa nacional 2017.

## 3. TECNIFICACIÓN.

Informase os asistentes do comité de Xaf que están pendentes de gasto 600 € correspondentes a tecnificación da modalidade en 2016 xa que tras a concentración dirixida polo técnico da Federación Catalana, dn. Alvaro Montesinos, realizada o pasado mes de Novembro sobrou esa cantidade. Acórdase repartir eses cartos, equitativamente por ximnasta, entre os dous clubs con ximnastas na tecnificación, polo que deberán emitir factura a Federación polos seguintes importes antes de que remate o ano:

- Club U.D.C.: 171,42 €
- Club X. Tempo: 428,57 €

Posteriormente enviarán a Federación os xustificantes correspondentes que cubran ese importe con algunha actividade relacionada ca tecnificación das devanditas ximnastas.

Respecto a tecnificación de 2017 acórdase o seguinte:

### XAF

Na vindeira tempada deportiva estimase contar cun presuposto de 2.000 € para ximnasia artística feminina. Preséntanse dúas opcións cas seguintes características:

- A) A primeira opción consiste en conseguir que algún dos adestradores do CAR de Cataluña (Xavi, Mireia ou Álvaro) veña a Galicia a realizar xornadas de tecnificación de ximnastas e de adestradores. Ditas xornadas deberían realizarse nalgunha das datas dispoñibles para os citados adestradores.
- B) A segunda opción plantexa seguir co mesmo proxecto do 2015, é dicir, realizar unha selección de ximnastas que cumpran algún dos seguintes criterios:
  - i. Ximnastas que durante esta tempada estén adestrando requisitos técnicos da categoría Nivel 5 ou máis e que ademais por idade entren dentro do corte que a normativa especifica.
  - ii. Ximnastas que, aínda que actualmente non estén preparando niveis de vía olímpica, demostren obxetivamente que posúen un potencial para chegar a ditos niveis



atendendo as dificultades que dominan a día de hoxe, as que están adestrando, evolución técnica e a formación e evolución dos seus adestradores.

As ximnastas seleccionadas realizarán a tecnificación no CAR de Sant Cugat. Os adestradores de Gaf que queiran asistir a ditas saídas, aínda que non teñan ximnastas seleccionadas, teñan a posibilidade de facelo.

O número de máximo de ximnastas seleccionadas será limitado polo presuposto co que se conta, para que poidan alomenos realizar unha saída. A saída será conxunta para todas ximnastas seleccionadas e abonaraselles o desprazamento, manutención e aloxamento. Os gastos dos adestradores que as acompañen correrán pola súa conta.

Acórdase levar a cabo a opción B pero solicitando que un técnico do CAR esté pendente dos adestramentos do grupo de tecnificación durante os días que dure a saída. Consultarase ca Federación Catalana a posibilidade de desprazarse o CAR de Sant Cugat na seguinte data: 27-28 de Febreiro e 01 de Marzo. No caso de que esta data non fose viable proponse a do 03 ao 05 de Abril. En principio, e según o nivel e a progresión observada, as ximnastas propostas para dita tecnificación, sempre dependendo do custe total da saída, son as que seguen:

Club X. Tempo: María Míguez, Paula López, Rocío Amor, Nadia Albacete e Noelia Bacariza.

Club U.D.C.: Thais Pazos, Alicia Sadia e Ailín Paz.

Consultarase tamén o desconto que poida facer a Federación Catalana no custe do aloxamento e manutención do grupo na residencia do CAR de Sant Cugat. Trasladarase o Comité, o antes posible, a resposta que nos den dende a Federación Catalana respecto a todas as consultas a realizar.

## XAM

Nesta tempada deportiva contase cun presuposto de 1.000 € para ximnasia artística masculina.

Acórdase os seguintes obxectivos e desenvolvemento da tecnificación para a modalidade:

### Obxectivos:

- Realizar unha observación obxectiva da evolución dos ximnastas nos adestramentos e mediante controis, e decidir qué ximnastas participarán nos adestramentos con outros clubs, noutras instalacións ou guidados por un adestrador dos centros de alto rendemento de ximnasia.

- Observar os ximnastas executando os seus exercicios baixo presión, sabendo que en base os mesmos decidírase o punto anterior, debido a que non teñen moitas posibilidades de participar en campionatos ou torneos.

- Efectuar unha saída para adestrar con clubs diferentes como recompensa o seu esforzo e mellora nos diferentes adestramentos da tecnificación.

- Lograr un seguimento de cada un dos ximnastas que se supón participarán no Campionato Galego de Niveis e poder decidir da forma máis obxectiva posible o pase ao campionato de España sen basarnos simplemente na execución de cada un deles en dito campionato galego.

### Desenvolvemento da tecnificación:

Realizarase unha observación obxectiva e exhaustiva dos ximnastas:



# *Federación Galega de Ximnasia*

R/ Carlos Maside s/n 32002 OURENSE TF 988238999- info@ximnasia.com



## Criterios de Selección:

- Progresión na adquisición dos novos elementos con respecto a súa participación nos campionatos do 2016.
- Correcta execución dos elementos correspondente o seu nivel de cada aparato na realización do exercicio completo.
- Priorizar aqueles ximnastas que se encontren en categorías superiores a nivel 4, é dicir, benxamín, alevín, (vía olímpica) etc.

## Ximnastas que poden participar:

A tecnificación está aberta a todos aqueles ximnastas que vaian participar no Cpto. Galego de Niveis con posibilidades de ir o Cpto. de España, co cal deben estar en posesión de licenza homologada tipo A.

Dependendo o número de ximnastas, do presuposto final, dos centros de adestramento, datas,... organizarase a saída para os adestramentos con outros clubs e/ ou os adestramentos guiados por un técnico dos CAR. Unha vez concretado informaríase da mesma a Federación Galega.

## **4. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ante a consulta sobre a realización duha Xornada de Actualización de Xaf, tras o cambio de ciclo olímpico e as modificacións en código e normativas, acórdase convocar unha para o 04 de Febreiro impartida pola Xuiz internacional Zeltia N. García.